


# Ines de Castro

A Rainha morta




GUIÓN: Raimundo Martinez Fraga

ILUSTRACIONES: Javier Prieto Gonzalez

Ines de  
Castro  
A Rainha morta

Ano do señor de 1320, D. Pedro Fernandez de Castro, chamado o "Señor da guerra", señor de Monforte de Lemos, membro dunha distinguida linaxe, ven de ter unha unión extramatrimonial coa nobre portuguesa Aldonza Suárez de Valladares.....



...desta relación nace unha nena, unha muller, unha historia que trascendeu en mito, un amor que superou a propia historia.

INÉS DE CASTRO

O tempo pasa rápido na vida de Inés, e vaise convertindo nunha xoven culta, intelixente e fermosa, tremendamente fermosa.....




...ao tempo, sen descuidar a súa educación para convertirse nunha futura dama da corte, Ines coñece Compostela e Valladolid, onde ponse ao servizo da súa curmá Constanza, futura esposa do príncipe portugués Pedro, fillo de Alfonso IV de Portugal.

Inés recibe a orde de acompañar a súa curmá Constanza cara Portugal e converterse nunha cortesana, asume a decisión familiar e deixa atrás o seu pasado galego, moitos xóvenes ven o seu corazón roto....



....di a lenda que antes de partir, unha xitana, liu a man de Inés, e entre grandes sollozos, pregoulle que non partise, porque unha grande traxedia a agardaba. O futuro está escrito.

O adeus á súa terra galega é un feito, seguindo a súa curmá, dentro dunha grande comitiva cruzan a fronteira cara Portugal e Pedro agarda a Constanza....



...pero a historia, sempre caprichosa, fara emerxer unha das mais grandes historias e amor xamais contadas e a protagonista ainda que neste momento ninguén sospeite nada, será Ines.

Ano do señor de 1340, Portugal recibe ao sequito de Constanza, esta casa con Pedro, fillo do rei portugués e da súa relación xurden amor e fillos...



....Inés mantense nun segundo plano, sempre fiel á súa curmá Constanza, se xa estaba enamorada de Pedro, deixámolo para a especulación.

Inés é enviada ao Castelo de Alburquerque polo Rei, Alfonso IV. ¿Quere acabar cos rumores dun idilio de Inés con Pedro?. Teme á forte personalidade de Dona Inés dentro da súa corte?.....



...Constanza falece no leito cando está dando un segundo herdeiro a Pedro, xa nada pode obstaculizar o amor de Inés e Pedro.

O amor entre Pedro e Inés, vese complicado polo Rei, quere que o seu fillo, o príncipe, case cunha princesa con sangue real, pero Pedro resístese...



...por si fosen poucos problemas, a península ibérica é un escenario de complots e intrigas e Alfonso IV teme que o seu fillo, empuxado polos hermanastros de Inés, faga unha política proclive a Castela.

O Rei considera insostíbel a situación, reúne ao seu consello no Pazo de Montemor-o-Velho, e decide que nalgunha ausencia do seu fillo Pedro.....



....Inés debe morrer.

Era un día frío na "Quinta das lágrimas", os emisarios do Rei, Pero Coelho, Álvaro Gonçalves e Diego López, avalázanse contra Inés diante dos seus fillos..



....era sete de xaneiro de 1355, Inés de Castro xace morta, degollada sen piedade.

Pedro clama vinganza, apoiado polos Castro. A revolta contra o Rei Alfonso é unha realidade.



Despois de meses de confrontacións, Pedro asina a paz, fortalecido como herdeiro ao trono, prometendo esquecer o pasado e perdoar aos conxuradores.

Alfonso IV, está avellentado e canso, morre en 1357 e o seu fillo é proclamado Rei de Portugal, coñecido para a historia como Pedro "O Cruel" ou "O Xusticeiro"



.....e realmente non tarda en facer honra ao apodo.

Os asasinos de Inés están refuxiados en Castela, pero dous deles son enviados a Portugal....



....e a vinganza consúmase no Pazo de Santarem. Alí son torturados e mentras o Rei xantaba, ordenou aos verdugos que arrincaran os corazóns dos asasinos.

Consumada a vinganza, o Rei Pedro I, fai a Declaración de Cantahede....



.....pola cal xura que antes da morte de Inés, ambos contraerán matrimonio, ante cal Inés, alcanzaba o rango de Raiña de Portugal.

Pedro exhumou o cadaver de Inés para trasladalo a un suntuoso panteón que mandou esculpir para ela .....



.....a xente era obrigada a saír ao paso da comitiva fúnebre, encabezada polo propio Rei, para rendir homenaxe a Inés.

Chegados á corte, Pedro mandou engalanar o cadaver de Inés con roupas propias dunha rainha e sentala no trono...



.....para que todos os nobres portugueses bicaran a man de Inés, como sinal de pleitesía, fidelidade e vasalaxe á Rainha de Portugal.

Uns anos máis tarde, o Rei, xa achacoso e pensando na súa morte mandou esculpir un túmulo funerario parecido ao de Inés, e colocalos fronte a fronte...



....para que cando espertaran da morte, o primeiro que visen ambos amantes fora a cara do outro. Ambos descansan no Mosteiro de Alcobaça.

Mito, lenda, historia, posiblemente todo unido, dando por resultado....



.....a Inés de Castro, RAÍÑA DESPOIS DE MORTA

A edición en banda deseñada da vida de Dona Inés de Castro, é un intento por parte da Asociación Cultural Alexandre Bóveda, de achegar a un público adolescente unha de moitas das figuras senlleiras na historia de Galiza, que por desgraza pasan totalmente esquecidas.

O programa "Ilumina Galiza" no que se enmarcan as xornadas "Inés de Castro", patrocinado pola Deputación Provincial da Coruña, busca aportar luz e coñecemento de diversos aspectos da cultura galega que lamentablemente son descoñecidos.

Agardamos que este intento de divulgación cultural, compatibilizando didáctica e divertimento sexa do agrado de todos, e simplemente desexamos que sen ánimo de ser pretencioso sirva de pulo para que unha nova xeración de galegos e galegas indague na súa propia historia, como garantía de futuro.

Xunta Directiva da Asociación Alexandre Bóveda



AGRUPACION  CULTURAL  
**ALEXANDRE BÓVEDA**